

## Pregón do milenario de San Rosendo

O ano 1977 viviu Celanova un ano de moitos felices acontecementos en torno a figura de San Rosendo, pódese que foi o comezo do renacer da memoria e da devoción ó santo.

Encargouse o Pregón daquel ano ó Padre Crespo, mercedario, sabio que entón vivía na casa que os seus frades tiñan en Xunqueira. Era entón recoñecido como autoridade en heráldica e en lingua galega. Tiña xa moita idade de tal xeiro que morrería o ano seguinte.

O texto do seu pregón, ó menos unha copia conservase entre os papeis do finado coéngo arquiviero de Ourense, Emilio Duro Peña, nunca foi publicadado polo que parécenos oportuno rescatalo e publicalo como un texto rosendiano de interese.

Está escrito nun galego coloquial, que se aparta bastante do galego normativizado de hoxe. O P. Crespo autor dun Dicionario de Galego emprega con moita liberdade, como facía tamén Don Ramón Otero Pedrayo, verbas e expresións, utilizando variantes e diferentes xiros que hoxe ó parecer non serían canónicos.

Respetamos o texto mecanografiado que leeu en Celanova aquel 1 de marzo de 1977, somentes correximos as erratas evidentes de mecanografía.


Compre que salientemos a personalidade do pregoeiro lembrando algún fitos da súa vida esgrevia.

**José Santiago Crespo Pozo** naceu en Redondela ( Pontevedra) o 8 de xullo de 1909. Faleceu en Xunqueira de Ambía, (Ourense) o 10 de novembro de 1978.

Fixo os seus primeiros estudos en Vigo en colexios dos xesuítas e salesianos. Ingresa logo no convento mercedario de Sarria ( Lugo) no que emite os votos en 1926. Pasou de aí ao mosteiro de San Xoán de Poio, para completar estudos de Filosofía e Teoloxía. Recibe a ordenación sacerdotal en 1931. Dentro da orde mercedaria ostentou postos directivos diversos, tanto en España como en América Latina.. Foi membro correspondente de diversas institucións culturais como a Real Academia Galega ou a Real Academia de Historia.

Da súa obra escrita cabería destacar os seus estudos de Heráldica, Xenealoxía e Lexicografía.

*Santa Trahamunda. Leyenda sacra. Pontevedra. 1943*



*Ascendencia gallega de Bolívar*. Bogotá. 1953

*Linajes de Galicia en el Perú*. Lima. 1953

*Santa María de Pontevedra. Labras heráldicas y enterramientos de familias hidalgas*. Pontevedra. 1954

*Blasones y Linajes de Galicia*. 4 tomos. 1957-1965.

*Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego*. Madrid. 1963.

*Nueva contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego: con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico-portugués)*. 4 tomos. 1972-1985.

Traído desde [http://gl.wikipedia.org/wiki/José\\_Santiago\\_Crespo\\_Pozo](http://gl.wikipedia.org/wiki/José_Santiago_Crespo_Pozo)

### *Pregón do milenario do pasamento de San Rosendo*

Cregos e frades, donas e cabaleiros, fillos de Celanova, romeiros do Santo, galegos todos:

De hoxe nun ano, cando rompa o día, os estrondos dos foguetes os rechouchios das gaitas e os firulestes requintados das bandas de música, hanvos facer deixar o leite cunha sorrisa de ledicia nos beizos; e habedes por os traxes dos días grandes, pois cumprirá festexar o milieiro de anos percorridos dendes do pasamento e doce morte do grorioso San Rosendo.

De hoxe nun ano, lembraredes alledados a mais baril imaxe de galeguidede: o Santo namorado dos boscos deleitosos, onde se afundía pra alcender no seu corazón as laberadas de amor a Nostro Señor e a seus hirmans, na soma das formas e forestas, debaixo dos carballos orchilados, dos castidos acaracochados, e dos piñeiros rumorosos, cando a súa vida á par das costas verdecentes: mestura comprida e ben lograda de fidalgo, de bispo, de visorrei, de loitador e Santo.

O nome de Rosendo quer dicer outro tanto coma Camiño de Groria. Nas Américas ouvín que aínda chamaban Rudesindos aos que levan tan fromoso nome, Rudesindo, sincopado en Rosendo no galego de hoxe en día, è un composto de dous temas, de dúas raigañas góticas, o mesmo que socede en tantos nomes que herdamos dos godos, e que gardan o tesouro escondido dos falares e decires das nosas xentes. Cántas veces, fillos de Galiza falamos o que sabemos, e non sabemos o que falamos. Compre moita adicaciò compre moito ensino, moita afouteza e non pequeno traballo, pra que os desleixados discobran as pérolas e alfalas que se gardan na fartura da nosa

fala; tal que compre traballo pra escochar as coiras que celan as pérolas nos seus anácares. Unha destas pérolas ou olfaías, que se celen na cousela ben abuxardada dos tempos andados, é o nome arrecendente e frofido ascóndose tamén a suma da súa vida, verdadeiro Camiño de Goria, posto diante de nos pra seren o noso guiador deica a verdadeire Goria; xa que Rosendo foi:

- a) Esgrevio pola súa tronquidá de reises e de ricos homes, que taes foron aqueles ven sonados Bermúdez de Castro, condes de Traba e de tantos outros condados, e que tanto fixeron no seu tempo por mor da nosa Galiza.
- b) Esgrevio e mercente das nosas homildosas gabanzas, porque amparou a nosa terra das algarabiadas da mouramia, das súpetas asomadas dos fillos do Norte e da Mar, daqueles Normandos emburricados en se facer os donos das farturantes terras da nosa abondosa beiramar.
- c) Esgrevio, benmerecente e Santo, pois á santidá de vida, que puño por riba de calquera cousa, mostrounola ben naquel amore alcendido e sostido no fondo da soedade, da vida monástica, nas dióceses santamente dirixidas e gobernadas na homildanza en deixar a tempo bispados e mais encargos de visorrei de Galiza, pra fuxir ás soedades frofidas do mosteiro ergueito na benamada Celanova, onde decorreu o maor tempo da súa vida: e tamen por aquel esprito de orazón e penitencia na capela pequechiña e chea de lembranzas, chamada de San Miguel ( e hoxe de San Rosendo), ao pé do mosteiro e que aínda arrecende, dispois de un milieiro de anos, cos arumes da súa santidá, onde il ia desfogar o seu corazón das quenturas da ialma, e pra non devercer nos divinales amores.

Lembrome de que eu fixen un pequeno resume da súa vida cando espuxen no Volume II dos meus " Blasones y Linajes de Galicia", o que topei nun manuscrito de Sobrado dos Monxes encol dos Bermudez de Traba. Con aquelas novas comprira deternos agora en cada unha destas tres cousas devanditas, que fixeron de Rosendo un certo camiño de gloria, ao tempo que gardemos o consello das Escrituras: Louvemos aos varoes entresinalados pais nosos na fe.. Trallemos pra arredar, anque de lonxe os seus feitos e virtudes, maormente a da caridade".


Abondaría con aquelas novas que deixei no traballo mentado encol dos Bermudez, pra vos falar do que escolmei naquel manuscrito de

Sobrado dos Monxes, que gardaban, sen sabelo, duas velliñas da Cruña, hirmás daquel bon hestoriador, onde os hai, que foi don César Vaamonde Lores; as probiñas estaban nas encollas e ben andadas en anos, sin outro qué-facer que agasaller aos gatos, e cuasi xulguei unha temeridade que tal tesouro andivese en mans tan endebres, anque llo volvin relixiosamente, inda que tal non fora a maneira de pensar de algúns que me aconsellaban outra cousa. O alí dito polo trasladador do manuscrito concorde de todo en todo co dito polo gran Lopez Ferreiro e poucos mais que o seguiron. A nós Historia aínda está por facer, o mesmo que tantas outras cousas, favos dicindo que alí non queda dúbida de que San Rosendo foi fillo de don Goterres Menéndes e de Santa Aldara. O primeiro deulle aquel convencemento do que era a verdadeira fidalguía e arriscamento, que se non arrepiá nin palpebrexe diante dos preitos máis temerosos da vida; nementras que da súa nai herdou aquela fundura de ialma, que o viña soste diante das hostes do inferno; e aquel xeito de vida, moito, moito por riba do que levaban os chamados cabaleiros de seu tempo, anque moito máis axustado do que levaron os santos dos tempos todos.

Polo seu pai, viña sendo Rosendo sobriño dequela dona Alvira que casou co Rei don Ordoño II, con decendencia de reises; o que nos permite osmar o porqué de por il o seu sino á par do de don Ordoño, cando o santo inda non ben fixera os dazaoito anos.

Polo seu abó don Mendo Alóitez, chamado conde e duque, emparentaba co Rei don Afonso III, de quen aquél abó fora mordomo maor, que levaba o gobernalle do Porto, levaba o eme de Tui, o mesmo que das fronteiras asoballadas polos mouros en Portugal; e que de segundas escollera pra maridar con ela, a aquela forte e doce muller dona Paterna, chamada Santa Paterna polo pobo gelego, afeitada aos xeitos e meneiras de vida da nai de San Rosendo.

Morgado desta Casta de condes e aios de reises, o hirmán do noso Santo, don Froila, foi o que, coa axuda da súa muller e do seu santo hirmán, puxerá a verguer o mosteiro de Celanova, alá polo 937. San Rosendo deulle por abade a San Franquila, monxe con sona de santo, abade do mosteiro de Ribas de Sil, anque despois do pasamento de Franquila foi escolleito Rosendo por abade. A consagrazón da igrexa foi no 25 do mes de Santos do ano 992, e deron delo testamuño as firmas e sinos de once bispos 24 monxes, cregos e cabaleiros.



Outro hirmán de Rosendo, don Munio Goterres, á par de sua muller doña Tareixa, botou os alicerses do mosteiro de Carboeiro, ergueito dendes do ano 936, dando eu por bo a corda que tiven que rubir dentes das fonduras do río Deza deica a porta do mosteiro, pois a Igrexa é unha mostra frolecida do romanico mais apurado e enxebre que temos onde certo ternos tantas. Coido que endexamais esquecerei o día aquél, o mesmo que o que esprimentei na ialma naquel lugar de devoción e beleza.

Un fillo daqueles señores, don Mendo González, axudado polo sua muller dona Toda, criaba no seu fogar, alá polo 1006, ao que foi Rei con nome de don Afonso V; e amos os dous foron tronco devanceiro daquel ben sonado don Pedro Frolaz, conde de Traba, e de Trastámara, e de Monterroso e de Présares e de Aranga; Conde de Présares xa fora feito por don Afonso VI; don Pedro Froilaz, o que foi dono de cuasi a Galiza enteira; aio de Don Afonso VII; o das loitas e das avinzas con equela inqueda e terabela dona Orraca, que nembargantes, deulle ao de Frolaz o castelo de Leiro, en Abegondo, hoxe xa desaparecido; o que ten o seu fremoso sartego na Capela das Reliquias, na Sé do Apóstol, onde viviu tan avencellado cos feitos do arcebispo Gelmirez; o que fixo consagrar por Rei a don Afonso VII, o que deixou após de si unha longa e sonada decendencia; e o que aínda está a pedir un traballo diño de si, que nos relembre da sua persoa e dos seus feitos esforzados.

E pra remate do dito engadamos que o pergameo máis antigo do arquivo de Xunqueira de Ambia, do ano 1007, fala dunha doazón de don Gonzalo Froilaz e da sua muller dona Aldara cuia filla dona Iñiga, viña sendo sobriña-neta do noso santo. O pergameo ven avalado polos sinos de bispos e de esgrevios cabaleiros daqueles arredores e daquel tempo. Poida que por tal razón, ou polo mosteiro patrimonial ergueito con aqueles bens, os monxes de Xunqueira fixeran aquela Escola Patrimonial, da que fala Gándara, onde as fillas e os fillos caseiros deprendian as boas maneiras tiñan tempos adicados ao recollimento, e facíanse con algunhas poucas letras; e que por viren os bens da Casa de San Rosendo, e praza dianteira da fronte da nosa Excolegiata de Xunqueira, fose chamada de San Rosendo; anque a fonte foille adicada nos anos derradeiros, a xente que non deixou grandes memorias da sua largueza nin coa igrexa, nin cos fillos de vila monacal.

Cantos outros mosteiros ergueron aqueles piedosos Condes, seus parentes; abofe lles abondará con mentar os de Sobrado dos Monxes, o de San Martiño de Xubia, preto do Ferrol; o de San Xiao de Mondego; o de San Cristobo de Dormeá, no concello de Boimorto, en terras de Arzua; o de Generoso, chamado tamén de Sta. Maria das Donas (hoxe De las Dueñas ), dendes que o xardín froldo do Bierzo foille arrincado a Galiza; e o de Nogueiroa, ergueito polo abade de Sobrado don Egidio; e tantos outros.

O bon Xesús, a mesma dozura do ceo, cheo dunha divinal sabedoría e dunha divindade alumeada co lampo das virtudes todas, deixou-nos dito abertamente; Eu non vin tragner a pace, senon a espada. E cousa ben sabida é que a vida dos homes é unha verdadeira mulicia nesta terra; de maneira que non é cousa de se rachar as vestes cas andrómenas de tanto mal chamada como mal entendida verba da Violencia, cando ollamos un Santo, Rosendo contrecambeando a vida inxel do monxe, e os traballos do goberno dos seus bispados co emprego certo, poden ser contra dun mesmo, mais, chegado o caso, teran que ser pola sagra obriga da conservación, das verdades da fe; pois si é xusta a contenda por emparar a facenda e máis a vida, moito máis avaliados son os doens do espírito, os da ialma e os do noso Credo, que fan xusto o defendemento; a maores cando son ben coñecidos os malfeitores das terras e dos pobos que, con aquéles querenos arrabuñar o sagro ben da Relixión e daquela vida sobrenatural que nos trouxo Cristo... Veleiquí porque, entre o número dos Santos da Igrexa, cintilan e relocen pontífices guerreiros santos que percorrían os camiños apelidande aos homes cristiáns ás Cruzadas, reises que, a maneira de San Fernando, facían rebrillar as espadas tal que un lóstrego, e brandiannas contra dos inimigos de Deus e máis da Patria. Daquí que San Rosendo tivera que combater como guerreiro, pois a máis de pigureiro das ánimas a el acomendadas, era temen visorrei da Galiza, sempre vixiador, sempre atalaiador dos que viñan furtar terras e gandos daquel pobo a él afluzado. E ao canto da palabra e da doutriña, cando compría, atopábase afeito ás loitas co centiledo da súa espada.

As hestorias da súa vida, amóstrannolo en contendas cos mouros de Portugal cando, lonxe o Rei don Sancho, arredounos dos eidos cristiáns e os arrecantou após dos lindes e fronteiras ben marcadas.

O mesmo viuse precisado a coscar a espada cando os Normandos, cobizosos da beleza e fartura de Galiza, chegaban coas suas naus voa-

doras, caíndo de sotaque nas ribeiras dos nosos ríos, ou nas orelas das nosas rías, postos a baratar e sacoar canto por diente tiñan, sin miramentos do dano de roubos e de mortes; anque tamén destouzas houberon de afuciñar coa forza e co esforzo de Rosendo e das súas milicias, que os afastaron deica lles facer erguer os velamen das súas naus, e deixar a úbeda beiremar camiño dos seus eidos alontados... Ben podadas osmar de qué xeito acollerían ao noso Santo as xentes, os vellos, as mulleres e os picariños, xa que o bispo compostelán era tamén visorrei galego, cas honras de apagullador e quebrantador das forzas inimigas. O noso Santo, sempre homildoso poría os ollos da ialma nas gririas de Cristo, tanto nas outras do Tabor, canto recibindo, con fristeira sorriso, as louvanzas e hosanas daquel entrada en Xerusalén, antre remalladas de palmeiras e oliveiras. Si aquelas amostras que quiso dar Cristo da súa Divindade, fosen un vao trunfalismo inda que calaran os nenos e mulleres, inda que os homes non astraran o chan con seus mantos, e o rebumbio alelado da moitedume calara, falarían as pedras, pois era chegado o intre de gloria e de vitoria.

Loita máis sonada foi a sostida co bispo de Compostela e parente do Santo, don Sisnando, a que o Reí tivera que facer deixar a Sé de Santiago, e metelo na cadea por aquela vida soberbosa e disipada que levaba, con xogos e folions e demasías, máis conformes co estado de cabeleiros pouco mirados que cos enxemplos de santidá que debiera, por mor das ovellas ail acomodadas. Deposto polo Rei, éste dispuxo que no seu posto, Rosendo errecendese o ar co arume da súa santa vida, e topouse o noso Santo costraxido a meter man no gobernalle da diocese compostelán. Mais cando finado o Reí, Sisnando arrivou a fuxir da cadea, nunha noite efervoade de Nadal, cinguido Rosendo pola coroa dos seus monxes, que cantaban os Matis no coro a deshora e de rompión, coa espada desgoldrada do bridecú, Sisnando botoulle unhas mans coma poutas, agarrándolle as vestes pontificais demandandolle por forza, que lle volvese a Sé compostelán co seu goberno. Noso Santo, sempre doce e sereo, botoulle na face o seu mal proceder na demanda da devolta, e agoiroulle unha morte violenta que chegou máis asiña do que coidaba Sisnando. En troques, pra San Rosendo, foi o intre de aproveitar aquela ocaxón pra deixar os encárgos de bispo e visorrei voltando e se afundir nas belidas soedades daquel mosteiriño de Caaveiro no meio dunha igrexa pequechiña, bicada sempre polas augas do Eume, onde aínda hai pouco lembrábanse recordos de vida nos peleriños que rubian deica San

Rosendo, e mostraban aquelas outras soedosas, abellos e argamandillos, peites e alguna que outra alfaia que lles deixara ali o Santo. Pois ben sabedes que foi alí, no benemado desterro e no meio dos seus pregos e matinacións, cando desergou que lle compría erguer un mosteiro no Vilar de Celanova. Somentes tiña 28 anos, e no ano de 935 puxo os cimentos do novo mosteiro (a verba Celenova quer decir mosteiro novo), aquela val abundosa en fontes e arboredas, e xusto onde agora nos atopamos.

Santa Aldara, o mesmo que algunhas nais do Testamento Vello, cando o seu home andaba a loitar cos mouros en Portugal á par do seu Rei ia éla cabo da vila de Valdesalas, dentro do seu señorío, adicándose decote a pregos, rogos e ladaiñas, demandando de Noso Señor un fillo, mesturando todo con esmolos aos probes e peleleriños. Ao Señor fórenle practeriras e gasalleiras as oracións de Aldara, e foron seis os fillos que lle deu; anque o segundo, Rudesindo, somella seren un espello da sua nai, no que éla fitaba os ollos cheos de ledicia e deleitamento: o neno chegou a este mundo no 26 do mes de Santos, no ano de 907. O noso Santo dependeu no colo daquela santa muller o amor pola soedade, o desprezo das vaidades do mundo, o estudo amoroso das Sagras Escrituras, e aquel seu lecer no exercizo da meditazón, onde ia alcontrar sempre un manancial de consolos pra sua ialma, onde se decatava do que Deus pedía dil en axuda dos semellantes, o afervoamento polas cousas eternals, e a fortaleza ca que se protexe das hostes do inferno e dos perigos no trato coas xentes

Ocación tivemos xa de admirar a sua condición homildosa pra fuxir pras soedades, pra deixar os encárregos máis altivos e soberbosos, pra se por debaixo do mandado de San Franquila, que il trouxera cun fato de monxes sinalados pola sona das suas vertudes, pra pola man, no gobernalle do mosteiro de Celanova onde iandando os anos ia ser o abade deica a morte. Aquela homildade fixo tamén o milagre de se aproveitar ainda da mesma ruindade dos inimigos, pra se asulagar nas fonduras do espiritual, deixando unha vida que outros levaban de fachenda e señorío.

Da oración e da homildanza viñeronlle as vertudes todas, e por riba das morales, centilaban nil os dons do Espírito Santo, cos que se fixo afamado xa na vida frolecéndolle nas mans os, milagres tal que si dil sairan, e non só despois da morte, senón tamén en vida, con non



pequena admiración e tremor de cantos o arrodeaban. Veleiquei o porqué dos seus namoros pola vida contemplativa, na que chegaba a ollar a Deus nas cousas mais sinxelas e pequenas: as longas horas perlongadas na capeliña de San Miguel, o comprido comprimento da Lei santa da caridá cristá que o mesmo ollaba a Deus alá na outura, que aos seus hirmans eiquei na terra ( dous paus dunha mesma cruce) fosen probes de facenda, fosen precisados do seu consello, o que lle emprestaba aquel a modo de arco, ou circo, de santidá, en que andaba a sua vida emburullada.

As xentes falaban e non calaban dos milagres de Rosendo. Chegáíao pra mostra aquela lenda belida e de Flos Sanctorum, da sua santa amizade con aquela esgrevia Dona Señorina, muller coa que o cinguía un forte e santo sentimento espiritual, que os levaba a falar arreo das cousas doutro mundo, añudando antre eles un nó deses que atopamós nas historias doutros santos, e que lonxe de ser causonantes de noxos e desenganos ( como moitos falsos amores da terra), medra e inza e se acende co tempo, pois baséase naquela Pedra que se chama Cristo. Foi así coma se amaron aqueles dous santos hirmans colazos, Bieito e Escolastica, San Xeromo e Santa Paula, Francisco de Sales e Francisca de Chantal. Mais non deixou de se atopar algún ruin, malino e malfalado, quizaiaves levado de breca pola carrexe de ter diante un home coma aquellouado e gasallado das xentes que fose verquendo a pezoña dos seus cativos pensamentos. Un dos poucos días en que Rosendo conversaba en Viveiro de Portugal coa su santa parente Señorina, dous homes ruins que traballaban no mosteiro onde ela era abadesa, deixáronse levar daquelas conversas de máis baixa roindade e avoleza. E quixo Noso Señor que caíndo redondos enriba do chan, levado Rosendo polos rogos daquela santa Dona, con olio abendízoado, unxise os beizos e as orellas daquelas malfalados caloñadores que voltos á vida falaban do suceso, arpesos do seu proceder, e que estiveran a punto de perdelo alento e a vida.

Deuse conta Rosendo de que a morte andáballe rondando as tellas do seu tellado, e que viña en percura dil pre lle descubrir o mundo infindo do alén benaventurado, e otorgou testamento no 17 de xaneiro do ano 977, deixando canto tiña, coma herdeiro da sua casa, de leiras coma de gandos, praos monxes e romeiros que pousasen no seu mosteiro benamado. Dalí en diante, deica a hora e día do seu pasamento, no primeiro do marzal daquel mesmo ano, todo lle parecera pouco pra se dar a limpar máis e máis a sua almiña, con afervoados

sentementos de amor e de repentemento, alontánandose deste mundanal desterro tal día como hoxe, no que estamos a celebrar, máis que a morte, o seu nacemento a mellor vida cousa que sempre fixo a Igrexa nos días das festas dos santos do mundo enteiro.

Ao pe de dous séculos de súa morte, o Papa Calisto II, bó coñecedor de canto se pasaba en Compostela e seus camiños, e de tantas outras cousas no tocantes a Santiago; coñecedor tamén dos milagres do noso Santo, deu orde pra que puxesen o seu nome no Repertorio dos Santos da Igrexa.

E neste mesmo lugar onde agora nos achamos, anque noutra igrexa, os restos de Rosendo foron encovados na capela de San Xoan. Hoxe agardan o rexurdimento dos mortos eiqui mesmo, diante de nos, na capela maor adonde foron trasladadas as suas cinsas, na súa festa e grorioso día do seu pasamento, que non foi outra cousa que pechalos olliños na terra, pra arregalados diente da luce eternal, que é a verdadeira vida. Sia sempre San Rosendo noso abogoso pra que todos os eiquí presentes, e cantos festexan conosco esta data, nos recantos dos seus lares, despois de levar unha vida verdadeiramente cristá e non sofisticada, nos outeña do Señor que algún día nos atopemos tamén e par dil na groria infinda do ceo. Amén”.

José Santiago Crespo Pozo

